

CERTIFICACIÓN

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día xoves 12 de xullo de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO QUINTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL RÚA AGRO DO MEDIO EN MILLADOIRO DO CONCELLO DE AMES. POS COMPLEMENTARIO 2017.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a mesa de contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras de “accesibilidade universal rúa Agro do Medio en Milladoiro do Concello de Ames”.

A Mesa de Contratación do procedemento de licitación das obras de accesibilidade universal rúa Agro do Medio en Milladoiro do Concello de Ames POS Complementario 2017, na súa reunión do 11 de abril de 2018, acordou a exclusión do procedemento de licitación das empresas Mecano Obras y Reformas SL e Juan Carlos Abilleira Sanmartín SL por presentar a súa oferta fóra de prazo e a empresa UTE Barnacle Obras y servicios SL-Excavaciones y Transportes BC, por presentar no sobre A a documentación correspondente ó sobre C (oferta económica).

A Mesa de Contratación, na súa reunión do 8 de maio de 2018, ante as elevadas porcentaxes de baixa presentadas por algúns dos licitadores e ao obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeu a realizar os cálculos (co programa da Excma. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que as proposicións presentadas polas empresas Alcomte Galicia SL, que ofertou unha baixa do 39,99 %, Construcciones Ponciano Nieto SL, que ofertou unha baixa do 33,79 %, e Groma Obras SL, que ofertou unha baixa do 36,63 %, estaban incursas en situación de baixa temeraria.

Á vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión acordou dirixir escrito vía fax ou correo electrónico, segundo o método elixido, ás empresas que estaban en situación de baixa temeraria concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran ante a Mesa de Contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

Con data 21 de maio de 2018 remitiuse escrito de requirimento ás tres empresas que segundo o programa de cálculo da Deputación Provincial entraban en oferta desproporcionada.

Transcorrido o tempo concedido para a xustificación presentaron a documentación as tres empresas requiridas, segundo consta no rexistro xeral de entrada do Concello de Ames.

Debido ó anteriormente exposto deuse traslado ós servizos técnicos do Concello da documentación presentada polas tres empresas para xustificar a súa oferta económica.

Á vista do resultado do informe, emitido por María Gamundi Fernández, en data 12 de xuño de 2018, procede a exclusión do procedemento, das empresas, Alcomte Galicia SL, Construcciones Ponciano Nieto SL, e Groma Obras SL por non xustificar a súa oferta económica, que estaba considerada como temeraria.

Pz. do Concello, nº2. Bertamiráns atenciónciudad@concellodeames.gal Telf: 981 883 002
15220 AMES (A Coruña) www.concellodeames.gal Fax: 981 883 925

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica do Concello (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

A Mesa de Contratación, na súa reunión do día 5 de xullo de 2018, unha vez valoradas convenientemente as ofertas dos licitadores, elaborou unha lista de licitadores ordenada de xeito decrecente segundo a puntuación obtida por cada un deles e propón a adjudicación das obras á empresa **Construcciones J. Mauri e Hijos SL**, por ser a que obtivo a maior puntuación, segundo os criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, resultando a puntuación total obtida por cada un dos licitadores a seguinte:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	84.277,30	35,08
SONDEOS PORZUNA SL	84.655,74	34,82
NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	86.838,05	33,31
SERGONSA SERVICIOS SL	88.475,20	32,18
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	89.436,62	31,52
GESTAL Y LÓPEZ SL	89.840,29	31,24
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL	90.042,09	31,10
EXCAVACIONES MIDÓN SL	90.824,21	30,56
COVIASSTEC SL	92.638,04	29,31
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	92.744,48	29,23
2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	93.762,90	28,53
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	94.329,86	28,14
ASFALGAL TÉCNICA VIARIAS SL	95.655,56	27,02
SYR-AMG SLU	96.841,22	26,01
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	97.371,00	25,56
CYS HISPANIA SL	98.094,59	24,94
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA SL)	100.085,49	23,24
CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL	102.136,50	21,49
EXCAVACIONES POSE SL	102.850,00	20,88
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI SL)	103.077,90	20,69
MGM EDIFICACIÓN E INFRAESTRUCTURAS SL	103.500,00	20,33
PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES SA	104.899,99	19,13
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	105.420,00	18,69
NEMESIO ORDÓÑEZ SA	105.469,61	18,64
OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	111.120,90	13,82

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Excluir do procedemento de licitación das obras de accesibilidade universal rúa Agro do Medio en Milladoiro do Concello de Ames POS Complementario 2017, ás empresas Mecano Obras y Reformas SL e Juan Carlos Abilleira Sanmartín SL, por presentar a súa oferta fóra de prazo, e á empresa UTE Barnacle Obras y servicios SL-Excavaciones y Transportes BC, por presentar no sobre A a documentación correspondente ó sobre C (oferta económica).

Segundo.- Excluir do procedemento de licitación das obras de accesibilidade universal rúa Agro do Medio en Milladoiro do Concello de Ames POS Complementario 2017, ás empresas Alcomte Galicia SL, Construcciones Ponciano Nieto SL e Groma Obras SL, por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

Terceiro.- Clasificar por orden decrecente de puntuación as empresas participantes no procedemento do seguinte xeito:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	84.277,30	35,08
SONDEOS PORZUNA SL	84.655,74	34,82
NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	86.838,05	33,31
SERGONSA SERVICIOS SL	88.475,20	32,18
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	89.436,62	31,52
GESTAL Y LÓPEZ SL	89.840,29	31,24
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL	90.042,09	31,10
EXCAVACIONES MIDÓN SL	90.824,21	30,56
COVIASSTEC SL	92.638,04	29,31
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	92.744,48	29,23
2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	93.762,90	28,53
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	94.329,86	28,14
ASFALGAL TÉCNICA VIARIAS SL	95.655,56	27,02
SYR-AMG SLU	96.841,22	26,01
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	97.371,00	25,56
CYS HISPANIA SL	98.094,59	24,94
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA SL)	100.085,49	23,24
CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL	102.136,50	21,49
EXCAVACIONES POSE SL	102.850,00	20,88

ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI SL)	103.077,90	20,69
MGM EDIFICACIÓN E INFRAESTRUCTURAS SL	103.500,00	20,33
PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES SA	104.899,99	19,13
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	105.420,00	18,69
NEMESIO ORDÓÑEZ SA	105.469,61	18,64
OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	111.120,90	13,82

Cuarto.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o licitador clasificado en primeiro lugar **Construcciones J. Mauri e Hijos SL** con CIF B-15261308 son as seguintes:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de sesenta e nove mil seiscentos cincuenta euros e sesenta e seis céntimos (**69.650,66**), sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de catorce mil seiscentos vinte e seis e sesenta e catro céntimos (**14.626,64**).

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **4 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Quinto.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

Sexto.- No prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a seguinte documentación imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación:

-Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

-Documento acreditativo de ter constituída (en calquera das formas establecidas nos artigos 96 e 98 do TRLCSP, nas condicións previstas no artigo 97 do mesmo texto legal) unha **garantía definitiva por un importe de 3.482,54 euros**, segundo se especifica nos pregos que rexeron para a licitación correspondentes ao 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

-Documento xustificativo, de ser caso, de reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá aboar ao concello en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

Deberá tamén presentar a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas:

- escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Demais empresas extranxeiras

1. -Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. -Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

B) Poderes

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

B-1) Verificación de poderes

Os poderes a que se refire o apartado b) da presente cláusula deberán bastantearse previamente polo secretario da corporación ou por un funcionario habilitado.

C) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 da TRLCSP, axustado ao modelo que se transcribe a continuación.

A declaración incluirá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e o feito de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito debe de presentarse antes da adxudicación polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta, axúntase modelo

"D/D^a..... con DNI..... e domicilio en..... actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

DECLARA

Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) da TRLCSP.

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames.

(Lugar, data e sinatura do proponente)"

D) Acreditación da clasificación

Ver pregos de cláusulas administrativas particulares.

E) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Os licitadores deberán

E.1. - *Acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire a cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares.*

E.2. - *Acreditar a solvencia técnica mediante calquera dos medios a que se refire a cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares.*

F) Datos identificativos do licitador

Enderexo, nº teléfono, nº fax e correo electrónico do empresario e do seu representante, se é o caso, para as comunicacións con este Concello.

O empresario, ao presentar a súa oferta, dá o seu consentimento a estas formas de comunicación citadas no parágrafo anterior.

G) Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 7 do presente prego.

H) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 da TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Sétimo.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde en Ames, a venres 13 de xullo de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde
José Manuel Miñones Conde

A secretaria accidental
Concepción Vilas Cantelar